



PLAN DIXITAL

IES RAMÓN CABANILLAS (Cambados)

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

IES RAMÓN CABANILLAS - [Código centro: 36000481]

C/Rosalía de Castro, 16

36630 Cambados

Teléfono 886 15 19 13

Correo: ies.ramon.cabanillas@edu.xunta.gal

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesramoncabanillas/>

O centro imparte:

- **ESO** (229alumnos)
- **BACHARELATO** (166 alumnos) e
- **CICLO FORMATIVO GRADO SUPERIOR VITIVINICULTURA** (27alumnos)

A continuación pódese ver o reparto de alumnado nos distintos grupos e niveis:

REPARTO DO ALUMNADO POR NIVEL	
CURSO	Nº TOTAL DE ALUMNOS
1º ESO A/B/C (25+24+25)	74
2º ESO A/B (23+22)	45
3º ESO A/B (24+22)	46
4º ESO A/B/C (18+21+25)	64
TOTAL ESO	229
1º BACHARELATO A/B/C (26+26+28)	80
2º BACHARELATO A/B/C/D (24+22+19+21)	86
TOTAL BACHARELATO	166
CICLO 1º	10
CICLO 2º	17
TOTAL CICLO	27
TOTAL ALUMNADO DO CENTRO	422

O persoal do centro é o seguinte:

Cadro de persoal do centro	
Persoal docente	42
Persoal non docente	7
TOTAL	49

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

1.2.1 Situación socio-económica e cultural do entorno escolar

O IES RAMÓN CABANILLAS de Cambados, ten unha poboación duns 14.000 habitantes, moitos deles orixinarios doutras comarcas e rexións, que se instalan no concello por causas laborais. Moitas persoas chegaron dende Países de Latinoamérica en busca de traballo na pesca. A economía da comarca aséntase no sector primario, destacando como principal fonte de recursos a pesca e marisqueo e o sector vitivinícola. Así mesmo existe un amplo sector de servizos, especialmente o turismo, oferta do pequeno e mediano comercio.

O desenvolvemento económico da comarca arrinca nos anos 60 coa industria conserveira.

Cambados comunícase cos pobos do seu entorno, especialmente Vilagarcía e Pontevedra por medio de estradas comarcais e locais. Conta cunha estación de autobuses , aínda que esta non fai máis que perder dotacións e viaxeiros.

O Concello conta con variados servizos, entre os que se poden sinalar:

- 1 Deportivos: polideportivos municipal, campo de fútbol, pistas de atletismo, pistas de tenis e canchas de baloncesto, escola de piragüismo
- 2 Servizos culturais: Casa da cultura (cunha programación que inclúe exposicións, teatro, cine, actuacións musicais...), Biblioteca pública, Conservatorio, e diversas asociacións veciñais e culturais Tamén existen outras asociacións de índole diversa como clubs deportivos (atletismo, baloncesto, piragüismo...) En referencia aos grupos relixiosos existentes na vila, destacan maioritariamente os católicos.

Nivel socio-económico familiar Pódese dicir que o sector maioritario é o dunha clase media, media-baixa, aínda que existen sectores de niveis altos e baixos. O nivel cultural non é moi alto en liñas xerais, aínda que tamén eiquí existe unha porcentaxe de niveis superiores relacionadas con profesións liberais. Nas expectativas que os pais teñen respecto dos seus fillos, sinalar que maioritariamente esperan que continúen estudos (Bacharelato).

1.2.2 Contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro:

No noso centro existe dende hai bastantes anos un consenso de toda a comunidade escolar, impulsada dende o equipo directivo, de introdución das novas tecnoloxías da información e da comunicación na práctica educativa cotián do centro. Este consenso levounos a levar adiante accións en tres fronteas para acadar un uso normalizado das mesmas. Nun primeiro lugar traballamos para termos unha dotación de equipamentos suficiente, tanto a nivel de adquisicións propias (PDI, ordenadores e proxectores en cada aula, dotación dunha sala de recursos para o profesorado...) como participando en distintos programas de innovación educativa como Abalar e Edixgal. Así mesmo dende a Biblioteca Escolar se realizou unha importante achega de recursos (tablets, ...) que nos permiten, arestora, contar cunha dotación suficiente na aula de informática. Nun segundo plano fomentouse a formación do profesorado no uso e emprego das novas tecnoloxías. A participación na formación do profesorado sempre foi maioritaria e permitiu ir avanzando aos poucos na elaboración de produtos educativos propios e na incorporación destes na práctica educativa cotián.

A pandemia nestes últimos anos incrementou o compromiso coa formación do profesorado e o uso que se fai no centro da aula virtual. Tamén nestes últimos anos e á calor das necesidades de comunicación xeradas polo confinamento, fíxose evidente a necesidade de uso das canles corporativas para evitar o emprego de mensaxerías comerciais, feito que se

Estamos traballado na dotación de mais material e a formación, é na creación dun espazo web e un perfil en redes sociais que achegue unha imaxe dinámica do centro, amose as súas actividades dun xeito aberto e democrático, permitindo a todos o usuarios coñecer os nosos documentos e programacións ao tempo que sexa un escaparate da actividade do centro. Os programas relacionados coas novas tecnoloxías nos que participa o noso centro son Abalar e Edixgal, e distintas actuacións relacionadas coa biblioteca.

1.2.3 Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

O plan Dixital do centro sen dúbida vai influír en diferentes aspectos na programación xeral do vindeiro curso, xa que nel van reflectidos distintos compromisos de formación e de actuacións que terán que ter a súa cabida na PXA, en tanto serán eixos primordiais das actividades de formación do vindeiro curso académico. Por outra banda cada ciclo terá que determinar, tal e como se verá nos obxectivos deste plan Dixital, os contidos a traballar co alumnado para a realización do itinerario de formación básica en contornas dixitais. Estes contidos serán integrados nas programacións de aula e se fará referencia a eles na propia PXA como obxectivos de ciclo.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa aplicable ao noso Plan Dixital é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do presente plan constitúese un Equipo de Dinamización do Plan dixital, formado por:

- Rafael Iglesias Casado (Coordinador TIC-EDIXGAL e Coordinador do PD)
- M^a del Carmen Mouriño Sestelo (Secretaria do centro)
- Jorge José Pérez Maceira (Profesor)
- Miguel Refojos Leal (Profesor)

Mantivéronse reunións durante o presente curso para levar a fin as diferentes etapas para a elaboración do Plan Dixital. A continuación resumimos o proceso:

No primeiro trimestre, despois de organizarnos como grupo de traballo no PFPP, rexistrámonos na ferramenta SELFIE e preparamos os 3 cuestionarios para as distintas etapas educativas (ESO/BACHARELATO/CICLO). Cuestionarios que foron realizados polo equipo directivo, profesorado e alumnado antes das vacacións de Nadal.

A principios de ano comezamos coa análise dos resultados do Selfie e o profesorado realizou un Test sobre Competencia Dixital Docente(CDD) para coñecer o nivel competencial no que se atopaba o profesorado do centro.

Cos datos que reflexaban as ferramentas anteriores realizamos un DAFO para coñecer as nosa fortalezas e debilidades o que no permitiu realizar un PLAN DE ACCIÓN con *propostas de mellora* fixando os obxectivos a alcanzar no próximo curso.

Finalmente elaborouse este documento onde queda reflexado todo o proceso comentado anteriormente.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

2.1.1 Infraestrutura dixital do centro

O instituto conta desde o presente curso 21_22 cun cableado completo de todo o centro, con tomas de rede cableada en tódalos seus espazos (agás nos espazos destinados a almacéns). Por outra banda tamén temos conectividade WIFI en todo o centro dispoñendo de dúas redes: edu.xunta e ABALAR polo que os equipos EDIXGAL de profesor ou alumno pódense conectar sen problema e dispoñer de acceso a INTERNET.

2.1.2 Equipamento

Na seguinte táboa pódese ver un resumo dos equipos actuais do centro separados por uso e o seu estado.

	ESPAZOS	TOTAL Pcs	Pcs	
AULA HABITUAIS DE CLASE				
	19	19	10	CON EQUIPAMENTO EDIXGAL
ASIGNADAS A GRUPO (10ESO+7BAC+2CICLO)			7	AULA DIXITALIZADAS
			2	SOBREMESA OBSOLETO (PC>12años) e PROXECTOR.
			2	AULA DIXITALIZADAS (sen portátil dotación)
AULAS DE DOCENCIA (materias optativas, desdobres...)	4	4	2	AULAS NON DIXITALIZADAS
			2	AULA DIXITALIZADAS (1 sen portátil dotación)
AULAS MATERIA e LABORATORIOS (Tecnoloxía, Debuxo, TIC, Música, Ped.Terap., Lab.F&Q, Lab.Ciencias,	7	7	5	NON DIXITALIZADAS e con equipos obsoletos
			2	NON DIXITALIZADA
AULA MATERIA: Aula TIC	1	22	21+1	NON DIXITALIZADA
AULA ESPECÍFICA				
AULA INFORMÁTICA	1	17	16+1	NON DIXITALIZADAS
OUTROS ESPAZOS				
BIBLIOTECA	1	3		NON DIXITALIZADAS
ALMACÉN CONSERXERÍA (<i>futura AULA CREACIÓN AUDIOVISUAL</i>)	1	0		NON DIXITALIZADA E SEN TOMAS RED
ESPAZOS TAREFAS DOCENTES				
Sala profesores, Departamentos, Titoría Pais	8	11		CON EQUIPOS OBSOLETOS (PC>12años)
DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS E DE XESTIÓN				
Dirección, Xef.Estudos, Administración, Conserxería, Espazo Xestión Edixgal)	5	7		
OUTRO ESPAZOS				
SALÓN DE ACTOS			1	CON EQUIPOS OBSOLETOS (PC>12años)
PAVILLÓN			0	

EQUIPOS MÓBILES				
PORTÁTILES ALUMNO EDIXGAL			241	
PORTÁTILES PROFESOR EDIXGAL			27	
AULA MÓBIL AULA MÓBIL CICLO con PORTÁTILES - RED.ES (brecha dixital)			20	
TABLETS			6	

2.1.3 Servizos dixitais educativos:

O centro dispón de PÁXINA WEB CORPORATIVA para dar avisos, noticias e amosar os traballos/proxectos realizados pola comunidade educativa. (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesramoncabanillas/>)

En tódolos cursos da ESO utilízase a plataforma EVA-EDIXGAL ao estar o centro integrado no proxecto EDIXGAL en tódolos niveis da ESO. (<https://eva.edu.xunta.gal>)

En BACHARELATO e CICLO utilízase a AULA VIRTUAL de WEBS DINÁMICAS a que se pode acceder a través da web do centro. (<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesramoncabanillas/aulavirtual/>)

Úsase ABALAR MÓBIL para comunicarse coas familias.

O Equipo de Normalización Lingüística e o de biblioteca utilizan redes sociais non corporativas como INSTAGRAM o un BLOG PROPIO, para difundir os seus contidos e traballos.

O centro deuse de alta en AGUEIRO no curso 2020/2021, pero no se está a utilizar, cousa que se espera que cambie nos seguintes curso.

2.1.4 Xestión do mantemento do equipamento do centro.

O mantemento dos equipos Edixgal é realizado polo SERVIZO PREMIUM que ofrece a Consellería (a través da empresa PLEXUS).

O mantemento do resto dos equipos é realizado por unha empresa externa (TECNOGALICIA) contratada polo centro, que acude ao centro cando é preciso coa cooperación do Coordinador TIC para realizar as distintas tarefas.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a análise DAFO empregouse a ferramenta de Autoavaliación SELFIE, o test de Competencia Dixital Docente (CCD) e as reflexións dos cursos anteriores sobre a situación TIC do centro.

Na seguinte táboa, a modo de resumo, pódense ver as medias das respostas por cada grupo (equipo directivo, profesorado y alumnado) para cada unha das 8 áreas obtidas do informe SELFIE de cada etapa educativa:

Areas	Grupos	Ensinanzas		
		ESO	Bacharelato	FP
A -Liderado	Equipo Direct.	2.6	2.2	2.2
	Profesorado	3.3	3.3	2.4
	Alumnado	-	-	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.6	2.1	2.2
	Profesorado	2.8	2.8	2.9
	Alumnado	3.2	2.5	2.4
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.5	2.6	2.8
	Profesorado	2.6	3.2	3.7
	Alumnado	3.9	2.8	2.4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.2	2.1	2.8
	Profesorado	3.6	3.5	2.9
	Alumnado	-	-	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.4	2.9	3.4
	Profesorado	3.6	3.8	3.2
	Alumnado	4	3.8	4.1
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.9	2.5	2.3
	Profesorado	3.1	3.2	2.8
	Alumnado	3.4	2.9	2.6
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.6	2.2	2.1
	Profesorado	2.8	2.8	2.2
	Alumnado	3	2.6	2.5
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.9	2.9	2.5
	Profesorado	3.4	3.4	3.4
	Alumnado	3.4	3.2	2.4

A continuación recollemos a información do informe grupal do Test CDD de centro.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	13	28	46,4%
PROVISIONAL	4	6	66,7%
INTERINO	10	12	83,3%
SUBSTITUTO	2	7	28,6%
OUTROS	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
77,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	69,1	Integrador/a (B1)	79,7	Integrador/a (B1)
BAC	92,5	Integrador/a (B1)	78,4	Integrador/a (B1)
F.P	64	Explorador/a (A2)	80,2	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Principiante (A1)	1	3,3%
Explorador/a (A2)	11	36,7%
Integrador/a (B1)	10	33,3%
Experto/a (B2)	7	23,3%
Líder (C1)	0	0%
Pioneiro/a (C2)	1	3,3%
TOTAL	30	100,00%

Outras fontes: Reflexión sobre a situación TIC do centro reflectidas en distintas actas dos Claustros/Consello Escolar de cursos anteriores.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>C1-O centro ten infraestrutura dixital que apoia o ensino/aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>C2-O centro dispón de dispositivos dixitais para a labor docente.</p> <p>C3-O centro facilita o acceso a Internet (todo profesorado e alumnado ESO nos equipos que lle cede para uso persoal)</p>	<p>C5-O centro dispón de asistencia técnica cando teño problemas pero non é no momento.</p> <p>C7 - Insuficiente política de protección de datos.</p> <p>C14 - Insuficientes espazos físicos que faciliten a ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>C15 - Insuficiente acceso as tecnoloxías asistenciais polos alumnos con necesidades educativas específicas.</p> <p>C16 - Insuficientes repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza aprendizaxe.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>E1-O noso profesorado busca recursos educativos en liña.</p> <p>E2-O profesorado crea de recursos dixitais para reforzar o labor de ensinanza.</p> <p>E3-Si se usan contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado</p> <p>E4-Si se utilizan tecnoloxías dixitais para a comunicación no centro educativo.</p> <p>E5-Si se utilizan recursos educativos abertos.</p> <p>F1-Si se usan las tecnoloxías dixitais para adaptarse as necesidades individuais do alumnado.</p>	<p>A4-Insuficiente tempo para que os docentes podan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.</p> <p>B1-No noso centro non avaliamos o suficiente os progresos en competencias dixitais.</p> <p>B2-No noso centro non existe de reflexión en profundidade sobre o uso das TIC's .</p> <p>D1-Debates pouco sobre as necesidades de FPP no relativo ao ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>D3-Insuficiente intercambio de experiencias sobre o ensino con tecnoloxías dixitais. (participación en proxectos interdisciplinarios.)</p> <p>F3-Usamos pouco a tecnoloxía para realizar actividades creativas.</p> <p>F5/F6-Usamos pouco a tecnoloxía para que o alumnado traballe en grupo (colaboración/cooperación) e para proxectos interdisciplinarios entre materias.</p> <p>G5/G6 - Baixo uso da tecnoloxía para avaliar ao alumnado e para a retroalimentación, autoavaliación e a avaliación entre iguais, autoaprendizaxe...</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	C8/10 -O alumnado da ESO dispón de equipos que pode levar para á casa.	C8/10 -O alumnado da BAC non dispón de equipos que pode levar para á casa.
	FAMILIAS		
	OFERTA		
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A3-O centro apoia á hora de probar novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais.	<p>A1-Non existe unha estratexia dixital clara.</p> <p>A2-O profesorado non se involucra no desenvolvemento da estratexia dixital do centro.</p> <p>B1-No noso centro non avaliamos os progresos en competencias dixitais. (ensino/aprendizaxe con tecnoloxías dixitais)</p>	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	D2-O profesorado ten acceso a FPP relacionadas coas novas tecnoloxías. O centro só emprega servizos dixitais educativos corporativos	
	LEXISLACIÓN	A5 - Coñecemos pero non respectamos o suficiente os dereitos de autor.	
	CONTORNA	Alta participación na ESCOLA DE FAMILIAS.	Pouca estabilidade laboral do persoal docente.
	ANPA	Boa colaboración da ANPA en distintos proxectos.	
	OUTRAS ENTIDADES	B3-Usamos pouco as tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións (si se usa videoconferencia coas universidades).	B4-Non existe colaboración con outros centros para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Despois de analizar o DAFO, establecemos como obxectivos prioritarios os seguintes:

- 1.-Desenvolver estratexias que permitan ao alumnado de 1ESO adquirir a competencia dixital básica para traballar nas distintas materias.
- 2.-Facer que o profesorado se involucre no desenvolvemento da estratexia dixital do centro.
- 3.-Desenvolver proxectos interdisciplinarios empregando ferramentas dixitais coa participación de varios departamentos.
- 4.-Desenvolver un protocolo común de uso das TIC en todo o centro e poñelo en práctica.
- 5.-Desenvolver estratexias que permitan ao alumnado actuar de xeito seguro en internet.

A continuación por cada obxectivo pódese ver unha táboa onde se marcan os indicadores, cos seus valores de partida e chegada, e as accións para alcanzar o obxectivos coa súa lateralización

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Equipamento:

1.- Necesidade de **EQUIPAMENTO EDIXGAL** en aulas onde hai docencia a grupos da ESO que participan no proxecto:

- AULA DESDOBRE 1
- AULA DESDOBRE 4
- AULA TECNOLOXÍA
- AULA MÚSICA
- AULA TIC
- LABORATORIO FÍSICA E QUÍMICA
- LABORATORIO CIENCIAS

*** Os ordenadores destes espazos están obsoletos con máis de 12 anos.

2.-Necesidade de dotación para **DIXITALIZAR** as seguintes aulas (PDI+PORTÁTIL).

- AULA DE INFORMÁTICA
- DÚAS AULAS DO CICLO FORMATIVO.

3.-EQUIPOS PARA SALA DE PROFESORES E DEPARTAMENTOS:

Os ordenadores adicados a distintas tarefas docentes situados na SALA DE PROFESORES e nos DEPARTAMENTOS DE LINGUAS, MATEMÁTICAS, HISTORIA, F&Q, BIOLOXÍA, ORIENTACIÓN e CICLO teñen máis de 12 anos, están obsoletos, son lentos e pouco operativos, polo que sería preciso substituílos.

4.- **EQUIPOS ULTRAPORTÁTILES PARA AULA MÓBIL**, para poder ser desprazada entre os distintos grupos de bacharelato e que o alumnado de bacharelato poder realizar tarefas TIC durante a xornada de clase.

5.- **DOTACIÓN "POLOS CREATIVOS"** para poder realizar distintos proxectos STEM interdisciplinares. (Solicitouse a participación no proxecto segundo a convocatoria da Orde de 21 de abril de 2022)

Infraestrutura:

Necesidade de toma de red no almacén de conserxería posto que no próximo curso pasará a ser un AULA DE CREACIÓN AUDIOVISUAL, a disposición de toda a comunidade educativa.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

O alumnado novo no centro non ten competencia dixital suficiente para traballar nas distintas materias.

"Área/s de mellora": H1: COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO						
1. OBXECTIVO :	Desenvolver estratexias que permitan ao alumnado de 1ESO adquirir a competencia dixital básica para traballar nas distintas materias.				Acadado	
RESPONSABLE:	Profesor que imparte a materia de TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN en 1ESO.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe da alumnos que superaron a tarefa.					
Valor de partida	0 % do alumnado.					
Valor previsto e data	80% entregou unha tarefa na plataforma EVA-EDIXGAL.			Primeiro trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Proporcionar as destrezas básicas ao alumnado para poder traballar coas TIC nas distintas materias.	Profesorado que imparte a materia de TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN.	Primeiro trimestre	Equipos informáticos. EVA-EDIXGAL.	Tarefa entregada na plataforma EVA EDIXGAL	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A2-O profesorado non se involucra no desenvolvemento da estratexia dixital do centro.

"Área/s de mellora": A2 Desenvolvemento da estratexia co profesorado						
2. OBXECTIVO :	Facer que o profesorado se involucra no desenvolvemento da estratexia dixital do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinación TICs				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de profesorado que asiste as reunións e participa nas reflexións finais no grupo de traballo tic.					
Valor de partida	5 % do profesorado do centro.					
Valor previsto e data	20 % do profesorado do centro.			Final de curso		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Crear un equipo de traballo TIC para dinamizar as TIC.	Coordinador TIC	Inicio de curso.	Acta.	Creación da acta.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Manter unha reunión mensual.	Grupo de traballo TIC.	Final de curso.	Espazo para a reunión. Equipo informático. Aula virtual.	Creación de actas de cada sesión	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Valorar e reflexionar sobre o uso das tic no centro.	Grupo de traballo TIC.	Final de curso.	Equipos informáticos. Aula virtual. Enquisa de valoración.	Acta final coas reflexións.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

D3-Insuficiente intercambio de experiencias sobre o ensino con tecnoloxías dixitais e participación en proxectos interdisciplinares.

"Área/s de mellora": D3: Intercambio de experiencias						
3. OBXECTIVO :	Desenvolver proxectos interdisciplinares empregando ferramentas dixitais coa participación de varios departamentos.				Acadado	
RESPONSABLE:	Grupo TICs				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de proxectos interdisciplinares e departamentos participantes.					
Valor de partida	Os departamentos non participan en proxectos interdisciplinares.					
Valor previsto e data	Realizar 2 proxectos interdisciplinares coa participación de 4 departamentos.			Final de curso		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Establecer os proxectos interdisciplinares.	Xefes dos departamentos implicados.	Primeiro trimestre.	Espazo para a reunión dos integrantes da CCP.	Acta da CCP.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Realizar os proxectos interdisciplinares.	Xefes dos departamentos implicados.	Final de curso.	Espazos colaborativos. Aulas de informática.	Materiais elaborados nos proxectos.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3 Publicar os proxectos e os traballos realizados nas plataformas do centro.	Administrador das plataformas do centro(AV, WEB,RRSS).	Final de curso.	Equipo informático. Aula virtual. Web do centro. Redes sociais con conta do centro.	Material compartido nas plataformas dixitais do centro.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.4: Valorar a colaboración entre departamentos.	Xefes dos departamentos implicados.	Final de curso.	Equipos informáticos. Aula virtual. Enquisa de valoración.	Resultado da enquisa de valoración.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

O profesorado non aplica un protocolo de uso das TICs.

"Área/s de mellora": E: PEDAGOXÍA APOIO E RECURSOS						
4. OBXECTIVO :	Desenvolver un protocolo común de uso das TIC en todo o centro e poñelo en práctica.				Acadado	
RESPONSABLE:	Grupo TICs				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe do profesorado que valora positivamente a implantación do protocolo .					
Valor de partida	Protocolo do uso das TIC inicial elaborado no curso 2020-2021.					
Valor previsto e data	O 90% do profesorado valora positivamente a implantación do protocolo.			Final de curso		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO
AO4.1: Crear un equipo de traballo que se encargue des obxectivo.	Coordinador TIC	Inicio de curso.	Acta.	Creación da acta.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Crear un protocolo de uso das TICs no centro.	Grupo TICS	Primeiro trimestre.	Equipos informáticos Aula virtual. Impresora.	Información atopada.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Difundir o protocolo.	Xefes de departamento.	Inicio do segundo trimestre.	Equipos informáticos Aula virtual. Impresora.	Publicación na aula virtual impresión.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.4: Valorar a posta en práctica do protocolo do uso das TIC.	Grupo TICS	Final de curso.	Equipos informáticos. Aula virtual. Enquisa de valoración.	Resultado da enquisa de valoración.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

O alumnado pensa que non aprende a actuar de xeito seguro en Internet.

"Área/s de mellora": H1: COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO						
5. OBXECTIVO :	Desenvolver estratexias que permitan ao alumnado actuar de xeito seguro en internet.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinación TICs				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de alumnado que aplica un protocolo de uso seguro en Internet.					
Valor de partida	0 % do alumnado aplica de xeito seguro o protocolo en Internet.					
Valor previsto e data	75 % do alumnado aplica de xeito seguro o protocolo en Internet.			Final de curso		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Crear un equipo de traballo TIC que se encargue deste obxectivo.	Coordinador TIC.	Inicio de curso.	Acta.	Creación da acta.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Crear un protocolo investigando.	Titorías.	Dous primeiros trimestres.	Equipos informáticos Aula virtual. Impresora.	Información atopada.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Crear infografía.	Equipo de traballo.	Final do segundo trimestre.	Equipos informáticos Aula virtual. Impresora.	Publicación na aula virtual impresión.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.4: Posta en práctica de actividades para aplicar o protocolo.	Titores/as	Final de curso.	Test de seguimento. Cuestionario. Resolución de actividades.	Resultado do cuestionario sobre o coñecemento e aplicación do protocolo.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

4.1 Seguimento do Plan de Acción

4.1.1 Avaliación procesual

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do presente plan será realizado polo equipo de traballo establecido ao inicio do curso para dinamizar as TIC (ver acción AO2.1 do obxectivo 2 do plan de acción), mantendo unha reunión mensual para realizar o seguimento do estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

A mesma táboas que apracen no PLAN DE ACCIÓN (apartado 3 deste documento) empregárase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación deste Plan.

4.1.2 Avaliación final

Ao finalizar cada curso o equipo de dinamización das TIC realizará unha valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

4.2 Propostas de mellora (revisión)

Despois da valoración anterior, revisarase o PLAN DIXITAL para fixar os novos obxectivos coas súas correspondentes accións, para alcanzalos, e fixarase un novo PLAN DE ACCIÓN para ser de aplicación no seguinte curso.

5. Difusión do plan

O presente plan será enviado a todo o profesorado por correo electrónico, e unha vez oído ao profesorado no claustro de final de curso 2021/2022, será aprobado polo consello escolar.

Para darlle visibilidade e para que os responsables das accións no vindeiro curso estean informados dos pasos a seguir para cumprir cos obxectivos, o plan dixital será publicado na aula virtual e/ou na web do centro para que toda a comunidade educativa poda consultalo.